



# Alfa Romeo Spider

## Un doce italiano

• **proba**  
 >> Páxs. 12 e 13



Mario Arnaldo coméntanos as particularidades desta matrícula

**T-0292-POL**

**Avión** matriculou con placa turística máis coches que **Madrid** e **Marbella** xuntas

>> Páxs. 14 e 15

A capital de Galicia xa ten un circuito

**Santiago** súmase ao **Autocross**

>> Páx. 24



**Presentación**

**AF1**

>> Páx. 5

Arrinca a **Fórmula 1** nunha nova tempada de **Sprint Motor**

# Citroën DS3, o coche á carta



• **presentación**  
 >> Páx. 16

**Índice**

Editorial	3
Seguridade	4
Novas	2, 6 a 11
Frankfurt	17
Trial	18
Imaxes	18
DTM	20
Karting	21
Competición	22 - 23

**KIA** KIA MOTORS The Power to Surprise

www.kia.es

Hay que ser muy bueno para dar 7 años de garantía

cee'd    cee'd.sw    pro\_ceed

**KIA** mejora el Plan 2000E

\*Consultar manual de garantía cee'd. 5 estrellas EuroNCAP sólo disponible para el modelo cee'd Sp.



## Audi R8 Spyder



**P**restacións excepcionais en marcha e unha dinámica de impacto combinadas coa intensa experiencia de conducir a ceo aberto, é o que nos ofrece a marca alemá co R8 Spyder 5.2 FSI quattro. A súa lixeira capota de lona é de accionamento completamente automático e algunhas partes da carrozaría fabricáronse en material composto de fibra de carbono.

O motor V10 rinde 525 cv e catapultada este bipraza descapotable en tan só 4,1 segundos dos 0 aos 100 km/h, outorgándolle unha velocidade punta de 313 km/h. O R8 Spyder 5.2 FSI quattro é o novo modelo estrela da gama Audi, a iso contribúen tecnoloxías como o método de construción Audi Space Frame (ASF), a tracción integral permanente quattro, os faros con funcionamento integral en tecnoloxía LED e o innovador micrófono de cinto, dispoñible como equipamento opcional.

## A creatividade ao servizo da liberdade de movementos



**C**o concepto BB1, Peugeot non dubidou en dar un envorco aos códigos convencionais e ás fronteiras automobilísticas establecidas para inventar unha resposta inédita ás necesidades de mobilidade urbana actuais e futuras.

Capaz de acoller a catro persoas en só 2,50 m de lonxitude, o concepto BB1, vehículo 100% eléctrico, reinventa o automóbil en todas as súas dimensións: arquitectura, deseño, concepción interior, condución e conectividade, todo iso respectando ao máximo o seu contorno

## Michelin presentou en Frankfurt o Active Wheel



Michelin Active Wheel

**M**irando cara ao futuro, Michelin desenvolve innovacións de ruptura a partir dos coñecementos actuais, facendo avances tecnolóxicos no deseño dos pneumáticos e imaxinando solucións que aumenten a mobilidade de persoas e mercancías. As rodas motorizadas de Michelin que se presentaron no Frankfurt Motor Show son un exemplo perfecto deste tipo de innovacións. O Michelin Active Wheel integra un motor de tracción e un sistema de suspensión –ámbolos dous eléctricos– na propia roda.

De dous a cinco anos é o prazo durante o que Michelin trata de desenvolver prestacións que representen solucións técnicas para o mercado do mañá. En Frankfurt, Michelin deu a coñecer o primeiro prototipo de pneumático para vehículos eléctricos coincidindo co momento no cal os fabricantes de automóviles presentan os seus futuros modelos de vehículos eléctricos.

## Suzuki GSX1250 FA



**C**un novo deseño audaz e grandes doses de potencia e par proporcionados polo seu motor de 1.255 cm<sup>3</sup>, esta nova GSX1250 FA convertirase na nosa incansable compañeira de viaxe. Destaca o seu enorme par motor, así como a suavidade e finura de funcionamento da súa inxección con sistema SDTV, que acompañada da exclusiva tecnoloxía SCEM fan deste motor un exemplo de equilibrio, elasticidade e fiabilidade, segundo o fabricante.

O coidado posto no deseño do novo carenado integral, a incorporación dunha inxección de última xeración, o ABS, a posibilidade de axuste de altura do asento, un depósito de gran capacidade, o caballete central e un redeseñado cadro de instrumentos con toda a información necesaria, fará que conducir a GSX 1250 FA se convirza nunha viaxe inolvidable. De todos modos deberemos agardar á primavera do ano que vén para poder gozar dela.

**TerreMoto**



www.terremotocompostela.com

Tel. 981 561 302  
Santiago de Compostela

**NEUMÁTICOS/**  
**PERNAS**

FIRSTSTOP

VENDA • REPARACIÓN  
• MONTAXE E EQUILIBRADO • ALIÑADO ELECTRÓNICO •  
LAMIAS DE ALIAXE LIXEIRA

NEUMÁTICOS PERNAS: Milladoiro. Tel.: 981 53 62 55 - SANTIAGO DE COMPOSTELA  
NEUMÁTICOS PONTEVEA: Pontevea – Teo (A Coruña). Tel.: 981 80 90 49 - Fax: 981 80 91 78



# Crise. Confusión. Revisión

Todo isto fai, en teoría, que vaíamos cara a un enfoque eminentemente práctico. Orientado á operatividade e en liña co nacemento dunha nova filosofía, fará que valores defendidos na fase anterior, decaian ou incluso cheguen a desaparecer. Algo así como que na antiga Grecia vivían da filosofía e da escultura, ata que decaeu a súa hexemonía e cambiou todo radicalmente e a filosofía e a escultura pasaron a ocupar outros espazos menos importantes. Agora pasa o mesmo, empeza a tomar corpo a idea de que algo novo é preciso, de que un novo "estilo" é necesario, para saír da situación de crise mundial en que estamos. Os economistas máis radicais din que "dramaticamente iran se poñendo de manifesto as contradicións existentes entre a filosofía do actual sistema, o noso, coa idea de supervivencia derivada da escaseza real de recursos. O necesario será realmente o importante".

Hai un par de anos estabamos metidos no remuíño de cambiar de coche rapidamente, non lle fixeramos a primeira revisión e xa estabamos pensando en mercar outro. Financiado ou sen financiar, todo valía. Tiñamos que ter automóbil novo e máis bonito có do veciño. Era a época do gran consumo. Así e todo, os analistas comezan a falar que no futuro inmediato primará a idea de reciclaxe, de

A maioría dos especialistas indican que despois desta crise a sociedade será outra. Algún di que neste período, acentuarase o sentimento de que o único importante é a supervivencia, por iso, a confianza decaerá e as crenzas e as ilusións cambiarán. Os puntos de vista, as percepcións, vanse volver moito máis utilitaristas, polo que a mensaxe dos políticos variará, pasando a un ámbito de "menos falar e máis facer". Aínda que isto último pareza imposible.



reutilización, o concepto de barato, de outlet, de útil, tanto porque as cantidades de recursos dispoñibles van ser escasas como porque as rendas individuais medias van sufrir un importante retroceso, ao igual ca capacidade de endeudamento persoal.

O artista Xabier Mariscal dixo nunha entrevista no 2005, case a modo de premonición, falando dunha das súas obras

("O estalido dun Chevrolet Impala de 1959"): "A época de malgasto do capitalismo acabou, ou está tocando á súa fin. Entendo que nos 50 deseñáronse automóviles como o Impala, que era un alarde de beleza, de decoración. Mais paréceme que nun mundo masificado todo iso é insostible, que hai que axustar os produtos ás necesidades. Porque, ao fin e ao cabo, ¿que é un coche? Pois é unha cadeiriña con

rodas para catro persoas. Non fai falta que se convirta nunha falla nin permitir que consuma un litro máis do imprescindible. Por iso fixen este Impala no momento do seu estalido, para simbolizar un 'ata aquí chegamos' da civilización da abundancia".

Continuando esta liña Nicholas Stern, ex primeiro economista en xefe do Banco Mundial, dicía este verán que "sustentar o modelo económico

nun crecemento sólido baseado nunha tecnoloxía moderna en que prime a eficiencia, os combustibles ecolóxicos e un menor consumo dos recursos. Por iso non se pode atrasar un investimento urxente en favor dun menor dano ao medio ambiente".

Para aumentar a confusión o líder libio, Muammar Gadafi, acaba de presentar un prototipo de berlina deportiva, o *Rocket Car*, que mide 5,5 metros de longo e cun peso de 1.900 quilos a un prezo de 3,4 millóns de euros. Un automóbil que consumirá todo o petróleo de Libia e será probablemente pouco reciclable. Ben, sempre hai xente que vai polo camiño contrario!

Parece imprescindible unha revisión das nosas formulacións ata o de agora. Entramos noutra etapa da historia. Teremos que adecuar os nosos criterios de compra e a duración do vehículo conforme á economía e os novos parámetros sociais e estruturais que están por vir. É un pouco como cando dicimos que a velocidade do noso coche a temos que adecuar ás condicións do tempo e á densidade do tráfico. Empecemos por acomodar a nosa forma de pensar a ese novo tempo que vai vir, que non é nin mellor nin peor có pasado, senón distinto. Si probablemente teremos que facer unha revisión de moitas cousas. Empecemos por facerlle a revisión correspondente ao noso vehículo.

Un automóbil creado para fascinar.  
Nuevo Audi A4 Avant.

Brea Móvil  
Ctra. N-550, km 59 - A Palleira - Rúa do Cruceiro, 103  
15705 Santiago de Compostela  
Tel. 981 56 97 00

A la vanguardia de la técnica.

Audi A4 Avant de 120 CV a 265 CV. Emisión CO<sub>2</sub> (g/km): de 140 a 219. Consumo medio (l/100 km): de 5,3 a 9,3. [www.audi.es](http://www.audi.es)



Editor: Arrincamos, S.L.  
Director: Xurxo Sobrino Morán

Redactores e Colaboradores:  
Miguel Cumbras, Ramón Novo, Iván Marante,  
Sevi Martínez, César Raña, Edu Lavandeira,  
Félix Doce, Fernando Cuadrado, Xabier Vilariño,  
Ray Mosquera, Sonia Pena, Rodrigo Medina,  
Xosé Arufe e Luis Penido.

Deseño e maquetación: [www.juancvarela.com](http://www.juancvarela.com)  
[info@juancvarela.com](mailto:info@juancvarela.com)  
SPRINT MOTOR: Urb. San Sadurniño • Rúa B, nº 21  
Tfno. e Fax 981 801 458 •  
[redaccion@sprintmotor.com](mailto:redaccion@sprintmotor.com)  
[www.sprintmotor.com](http://www.sprintmotor.com)  
IMPRIME: Recoprint  
Depósito Legal: C-138/97



## D. Tráfico e D. Prudencio

**Don Prudencio:** Cada días son máis os vehículos que teñen aire acondicionado, é raro que non o teña un automóbil actual. Son moitas as marcas que o ofertan nos seus modelos. Así e todo, ademais de usalo no verán é recomendable prendelo noutras épocas do ano, ¿non si?


**Don Tráfico:** Por suposto, é necesario conectar unha vez ó mes o aparato de aire acondicionado. Tanto o axente frigorífico como o aceite que lubrica o sistema necesitan desta posta en marcha mensual.

**Don Prudencio:** Estes aparatos refrescantes necesitan dalgún mantemento?

**Don Tráfico:** Como moitos outros elementos do vehículo o aire acondicionado necesita dun mantemento periódico, que debido á necesidade de ferramenta especial será interesante realizalo nun centro oficial por persoal especializado. Deberemos atender ás recomendacións de cada fabricante.

**Don Prudencio:** Don Tráfico, unha pregunta ecolóxica ¿por que se substituíu o vello axente frigorífico R12 nos sistemas de aire acondicionado?

**Don Tráfico:** O axente R12 pertence ó grupo dos CFCs, que é ideal no que respecta a todas as características termodinámicas e de funcionamento, mais ten o inconveniente de que destrúe a capa de ozono, e contribúe ó efecto invernadoiro. O novo axente R134a, que é o que se vén utilizando dende hai xa varios anos, non ataca á capa de ozono.



## Economía e industria leva pagados 4 millóns de euros ao abeiro do Plan re-Móvete

O Igape vén de ordenar o pagamento de subvencións por importe de 900.500 euros ao abeiro do Plan re-Móvete, impulsado pola Consellería de Economía e Industria para dinamizar o sector de automoción a través da promoción da substitución de automóviles e vehículos industriais de máis de 10 anos ou máis de 250.000 quilómetros percorridos. Con esta achega, as subvencións pagadas polo Igape ás entidades colaboradoras, os concesionarios de automóviles galegos, suman xa 3,86 millóns de euros.

Este mes o Igape está a responder e autorizar as solicitudes presentadas polas entidades colaboradoras, co que xa se reserva o crédito para atender esas operacións, á marxe do momento en que se faga efectiva a matriculación. O período medio que transcorre entre a recepción da solicitude de pago e a tramitación da mesma a entidade financeira para que proceda o abono e de 8

días hábiles; é o prazo que o persoal do Igape está a empregar para estudar, comprobar e validar a documentación achegada nesta liña xestionada de forma totalmente telemática, sen que se faga uso do papel en ningún momento do proceso.

Consensuado co sector e adaptado ás necesidades de Galicia, o plan re-Móvete é máis ambicioso có plan promovido polo Goberno central, co que se complementa porque é compatible; o plan galego apoia as vendas de vehículos industriais e, no tramo dos vehículos de gama media, para turismos con custos

de 10.000 a 30.000€, achega uns apoios que superan aos do Estado nun 40%. As axudas medias concedidas en Galicia son de 702 euros, fronte a axuda líneal de 500 euros do Goberno central.

O re-Móvete está a ser de grande importancia para manter a actividade e o emprego tanto no sector da fabricación como na comercialización.

## Concept Car Lexus LF-Ch Full Hybrid



O Concept Car Lexus LF-Ch Full Hybrid, que fixo o seu debut mundial no Salón de Frankfurt 2009, representa a primeira aproximación da marca ao altamente competitivo segmento C.

A crecente demanda de coches cada vez máis pequenos e máis eficientes en canto a consumo de combustible e emisións de

CO<sub>2</sub>, que sen embargo ofrecen un impecable refinamiento e pracer de condución, reflectirase no crecemento e liderado do segmento C no mercado Premium no 2010.

O Concept LF-Ch reafirma o compromiso de Lexus no mercado Europeo e combina dimensións compactas, deseño vangardista de cinco portas, tecnoloxía Full Hybrid e baixas emisións

para satisfacer plenamente as expectativas dos clientes máis esixentes do segmento Compacto Premium. Provisto dun excepcional nivel de calidade e refinamiento, ademais da máis avanzada tecnoloxía a bordo, que son os selos distintivos de todos os modelos Lexus, o LF-Ch está deseñado para atraer unha nova xeración de clientes máis mozos.



## Presentación

## AF1



**S**print Motor iniciou hai oito anos unha aventura ó dedicarlle á fórmula-un (FU) tratamento á parte.

En sinal de fascinación por un xénero automobilístico que colma as connotacións de 'motor' e 'sprint' xuntos, as páxinas d'O Sprint abríronse de par en par a un gran desafío informativo, máis estimulante se cabe por cadrar co ascenso imparabile do fenómeno mediático que representa o asturiano Fernando Alonso. Así e todo, o verdadeiro reto que asumiu o director foi deixalo nas miñas mans. Mans con crédito infinito para tratar aspectos colaterais á crónica deportiva pura, como foron a psicoloxía que esconde un estilo de conducir, algúns desvaríos verbais entre pilotos, unha entrevista virtual con Ayrton Senna, lembranzas para a lenda, etc. que para o meu gusto se axeitaban a unha publicación das características do *Sprint Motor*.

A raíz desta colaboración, embalei e sen dar-me conta fun ordenando información que fora filtrando por puro pracer á conta de carreiras televisadas e tamén de librellada que como por imán acababa nas miñas estanterías. Aínda non sei como, a cousa empezou a coller forma e hoxe preséntase aquí en exclusiva *AF1*.

Que ten este repaso pola historia da fórmula-un que non teñan outros? En comparanza coa bibliografía especializada francesa, italiana, inglesa e brasileira, *AF1* posúe un valor neutral polo

mero feito de confrontar desde a distancia ángulos tentados a enfocar con parcialidade. En segundo lugar, no ámbito de España este formato vén cubrir basicamente baleiros de produción. E por acabar de concretar, se algo de pretencioso ten, intenta fugar en perspectivas enxebres á luz do contexto social e cultural galego.

É apto tanto para quen se criara con Senna-Prost, coma con Clark-Hill ou Alonso-Räikkönen. Non cómpre saber como funciona un motor, se hai que darlle caña a Ferrari dá-selle, 'puta' e 'merda' pasan a censura, vén ben saber quen son Edipo, Clint Eastwood, Goliat e mais ter fundamentos de latín e inglés. Abusando da confianza, moitos relatos permítese familiaridades cos protagonistas que, sen faltar ó respecto, desdramatizan o sentimento moitas veces inaccesible que proxecta ante a sociedade o universo da FU.

A partir do próximo número mes a mes podes ter nas túas mans o resultado de contrastar información e datos peneirados de canta páxina, plano ou pantalla transformase o número 'un' e a palabra 'fórmula' en competición, épica, deporte, emoción, tecnoloxía, traxedia. Tendo en conta o carácter coleccionable das entregas, *AF1* está estruturada por anos, desde 1950 ata os nosos días. Ó mesmo ritmo de edición habitual, *Sprint Motor* publicará os anuarios ordenados cronoloxicamente a modo de caderno central, doado de desengramar.

Cada capítulo abranguerá un ano, ten o seu título e consta dunha sinopse inicial que sintetiza os contidos tratados; séguelle o corpo principal, subdividido á súa vez en tres enunciados cuxo tratamento e extensión van variando; finalmente, pola páxina adiante insírense caricaturas orixinais e mailos tableiros coa puntuación dos cinco mellores corrida a corrida.

Nada máis queda agradecer a confianza a Xurxo Sobrino como director, e a arte de Kike Valiño e Juanki ilustrando e maquetando. Polo seu alento acórdome dos meus.

Ramón Novo

Arrinca a Fórmula 1 nunha nova tempada de *Sprint Motor*

**S**e ti, amable lector, es dos que detes a túa vista e utilizas parte do teu tempo nas páxinas da Fórmula 1, vaite preparando porque temos elaborada para ti unha auténtica xoia automobilística.

A partir do vindeiro número comecaremos un coleccionable de Fórmula 1 que xa che adian-

to que é único. Por iso a miña recomendación como director de *Sprint Motor* é que se es amante desta especialidade das catro rodas trates por todos os medios de coleccionalo. Este coleccionable é un traballo persoal feito a conciencia polo noso redactor Ramón Novo, isto xa lle dá un aire de exclusividade. Cun prisma totalmente

novo e en clave galega, podemos dicir sen ningún rubor que non atoparemos nada igual en toda a bibliografía desta especialidade deportiva.

Ademais desta novidade o vindeiro número da nosa publicación será en formato A4, ou o que é o mesmo, como unha revista convencional. Con isto gañaremos nunha maior resolu-

ción das fotografías e nun deseño máis actual, á vez que aumentaremos páxinas e tirada. Este novo formato fará que os suplementos mensuais da Fórmula 1 sexan idóneos para coleccionar e encadernar.

É un orgullo para min como director de *Sprint Motor* presentarvos estes cadernos, é máis, asegúrovos que publica-

cións editadas por empresas moito máis importantes gustarían de poder incluír este traballo nas súas páxinas.

Outubro é o mes de partida desta nova etapa de *Sprint Motor* que agardemos que dure polo menos outros catorce anos. Nós xa estamos na liña de saída, ¿queres acompañarnos?

Xurxo Sobrino

NUEVO LEXUS RX 450h  
FULL HYBRID

El progreso siempre comienza con una pregunta. La nuestra, ¿cómo mejorar las prestaciones mejorando al mismo tiempo el medioambiente?

Así nace el crossover híbrido más eficiente del mercado, el nuevo Lexus RX 450h. La combinación perfecta donde todo suma: diseño, potencia, silencio y compromiso con la naturaleza.

Gracias a la tecnología LEXUS HYBRID DRIVE, reducimos las emisiones a 148 g/km y el consumo a 6,3 l/100 km. Todos ganamos.

BIENVENIDO A UN MUNDO MEJOR

CENTRO AUTORIZADO LEXUS:

BREGAN AUTOLUX

Avenida Finisterre, 331

15008 La Coruña

Tel. 981 160 444

5 años de garantía

[www.mundolexus.com/lacoruna](http://www.mundolexus.com/lacoruna)

6,3 l/100 km | 299 CV | 148 g CO<sub>2</sub>/km

LEXUS



## BREVES

• **O director** da fábrica viguesa de Peugeot-Citroën, Pierre Ianni, prometeu que se vai a "implicar" para evitar a perda de empregos tras o peche dunha das plantas que a multinacional Treves ten na cidade de Pontevedra. solucións o menos traumáticas posibles", engadiu. Ianni recoñeceu que a posibilidade de que Treves concentre toda a fabricación de fundas de asentos para o modelo C4 "é unha vía", pero precisou que esta alternativa debe ser analizada pola empresa porque ten impacto noutras plantas de Treves.

• **Peugeot** introduciu no seu modelo todocamiño 4007 unha motorización 2.2 HDi con filtro de partículas de 156 cv de potencia asociada a unha caixa de cambios robotizada de dobre embrague. A nova caixa que incorpora o 4007, denominada Dual Clutch System, permite a robotización do cambio de velocidades a partir dunha transmisión manual e usa unha tecnoloxía que usa dous embragues para a transmisión do par do propulsor.

• **Os principais fabricantes** de automóbiles de Xapón, Corea do Sur, EUA e Europa comprometéronse a cooperar na difusión no mercado dos vehículos con célula de combustible que funcionan con hidróxeno e non emiten gases contaminantes. Os fabricantes pediron o establecemento da infraestrutura necesaria, tales como estacións de recarga de hidróxeno, para poder facer esta tecnoloxía viable. As células de combustible aliméntanse de hidróxeno a alta presión mesturada con osíxeno, para propulsar vehículos con motor eléctrico, emitindo como resultado auga e calor.

• **Emovement**, empresa especializada en mobilidade sostible, iniciou a comercialización no noso país dunha nova xeración de coches eléctricos, grazas á chegada do modelo Reva L-ión, que lle converte no primeiro automóbil dispoñible no mercado español equipado con batería de ión de litio. Este vehículo será capaz de percorrer 120 km por cada recarga e está incluído no catálogo Movele de axudas públicas á compra de automóbiles eléctricos, polo que terá unha subvención de 3.500 euros.

# Citroën inventa o Visiodrive

**C**itroën deseñou o seu novo C3 co ambicioso obxectivo de superar o éxito do

actual C3, todo un súper vendas, con máis de 2 millóns de unidades vendidas. Para acadar esta meta, Citroën optou por coller o mellor do C3 e engadirlle innovacións e melloras. Deste xeito, presenta un deseño máis alongado e unha arquitectura que permite unha habitabilidade fóra do común nun dos vehículos máis compactos do mercado, ao que se suman unha gran calidade de acabado e unha comodidade e comportamento impecables, tanto na cidade coma na estrada. Estas prestacións, que se sitúan no nivel máis alto do segmento, convérteno ao novo C3 nun vehículo ideal para ser o coche principal da familia ou o automóbil clave na flota dunha empresa.

Emporiso, a maior innovación que amosa este vehículo vén baixo o nome de Zenith. Trátase dun parabrisas de excepcional lonxitude -1.350 mm- que aumenta o campo de visión superior dos

pasaxeiros dianteiros en 80°, coa eliminación do traveseiro superior. Co gallo de garantir unha comodidade máxima, toda a parte superior do parabrisas está tratada cun degradado progresivo de 25 cm, que asegura: por unha banda unha protección solar óptima para os pasaxeiros dianteiros, e pola outra banda unha transparencia precisa para ter un bo nivel de visibilidade dianteira.

Alén da luminosidade e máis da visibilidade que achega, o



devandito parabrisas

permite que os pasaxeiros vivan unha experiencia automobilística inédita: ofrece aos ocupantes unha inmersión total na contorna, convertendo ao C3 nun Visiodrive.

Por último, sinalar que o novo C3 foi fabricado en Francia -nas plantas industriais de Aulnay e de Poissy- e comercializarase (segundo o país) a partir de novembro de 2009.

## Cinco estrelas para o novo Kia Sorento



**N**as últimas probas de impacto do organismo Euro NCAP, o novo Kia Sorento vén de acadar a máxima cualificación posible no eido de seguridade: as 5 estrelas. Entre os valores conseguidos, cómpre salientar unha puntuación dun 87% para a protección de pasaxeiros adultos, un 84% na protección de nenos/-as e un 71% no equipo de seguridade, o que o

sitúa entre os mellores SUV do seu segmento.

En Europa, os Sorento irán equipados de serie con control electrónico de estabilidade, un sistema que achega control de tracción e mecanismo de freada de emerxencia. Tamén formará parte do equipamento estándar: os *airbags* frontais, laterais e de cortina co gallo de protexer aos ocupantes nas tres fileiras de asentos.

## Audi estreou novo logotipo no Salón de Frankfurt

A la vanguardia de la técnica 

**A**udi vén de desvelar no seu stand da mostra do Salón do Automóbil de Frankfurt a última evolución dos catro aros. Máis avanzado e actual que o seu predecesor, o novo logotipo de Audi eleva a esencia da marca até a altura da súa mensaxe clave: á vangarda da técnica.

“Tal e como nós o consideramos -á vangarda da técnica- é un claro compromiso cos nosos clientes, así como a obriga que asumen todos os membros de Audi de producir deseños máis innovadores, uns sistemas de

transmisión se cabe máis eficientes e unha gama de produtos quen de emocionar aínda máis”, afirma Peter Schwarzenbauer, membro do Consello de Dirección para Marketing e Vendas en Audi.

A nova tipografía Audi Type tamén forma parte da evolución do deseño corporativo da casa xermana. Xurdiu a raíz dun concurso internacional de tipografía e leva empregándose xa desde comezos deste ano. O obxectivo era mellorar o senlleiro carácter da tipografía de Audi: claro, minimalista e técnico.



# Insignia ecoFLEX: novo motor de 130 cv, máis limpo e económico



únese ás ecoFLEX de 160 cv que xa existen na gama Insignia. Arestora, estes motores están dispoñibles coas carrozarías sedan (de catro portas) e berlina (de cinco portas). A finais deste ano ambas as motorizacións estarán dispoñibles tamén coa carrozaría Sports Tourer.

Os modelos Insignia ecoFLEX combinan o mellor de dous mundos: achegan reducidas emisións e un baixo consumo de combustible sen comprometer nin nas prestacións, nin no dinamismo de conducción. Sinalar que, en ámbolos casos, ten un consumo combinado de combustible de só 5,2 litros de diésel cada 100 km (o que equivale a unhas emisións de só 136 g de CO<sub>2</sub> por km). Porén, estes modelos ofrecen uns xenerosos valores de par máximo que van desde os 320 aos 380 Nm. Estes valores acadanse grazas a unha nova xeración de potentes motores 2.0 litros turbo diésel *common rail*, afinados de xeito específico para a gama ecoFLEX.

**O**pel presenta un novo motor ecoFLEX de 130 cv pertencente á súa gama Insignia ecoFLEX, co engadido duns

prezos máis atractivos, o que o converte nunha opción ben interesante para clientes particulares ou *flotas* de países europeos que contan con impostos ligados de xeito específico á ecoloxía.

Máis polo miúdo, no noso país este modelo poderá acollerse ao Plan 2000E.

A oferta desta nova versión de acceso fai que a mobilidade ecolóxica aínda sexa máis

acesible, xa que os seus prezos en España comezan nos 24.750 euros (para o acabado Essentia) e chegan até os 26.150 euros (no caso do Edition). A devandita versión

el coche de mi mamá

## la vuelta al cole en Brea Autocasión

Ven a visitarnos y te llevarás un obsequio para comenzar bien el curso

**Brea AUTOCASIÓN**

CIUDAD DEL TRANSPORTE, C/B - BLOQUE 2  
POLÍGONO DEL TAMBRE - SANTIAGO DE COMPOSTELA  
[www.grupobrea.com](http://www.grupobrea.com)

**VW. GOLF TDI**  
**15.900 €**  
AÑO 2008  
CON LLANTAS CLIMA BIZONA  
ORDENADOR, ...  
GARANTIA OFICIAL VW



# Nova tarifa de prezos



## SEAT LEÓN 2009

	Emisións CO2	Imposto de Matriculación	P.V.P.
<b>GASOLINA</b>			
1.4 85 CV EMOCIÓN	154	4,75%	14.900,00
1.4 85 CV REFERENCE	154	4,75%	16.000,00
1.6 102 CV REFERENCE	169	9,75%	16.900,00
1.4 TSI 125 CV REFERENCE	148	4,75%	17.800,00
1.4 TSI 125 CV STYLE	148	4,75%	19.300,00
1.4 TSI 125 CV SPORT	148	4,75%	20.000,00
1.8 TSI 160 CV STYLE	159	4,75%	20.400,00
1.8 TSI 160 CV SPORT	159	4,75%	21.100,00
1.8 TSI 160 CV SPORT DSG 7 vel.	153	4,75%	22.750,00
2.0 TSI 211 CV FR	170	9,75%	25.300,00
2.0 TSI 211 CV FR DSG 6 vel.	174	9,75%	27.000,00
2.0 TSI 240 CV CUPRA	190	9,75%	27.500,00
<b>DIÉSEL</b>			
1.9 TDI 90 CV EMOCIÓN	135	4,75%	16.900,00
1.9 TDI 90 CV REFERENCE	135	4,75%	18.000,00
1.9 TDI 105 CV DPF ECOM. REF.	119	0,00%	18.750,00
1.9 TDI 105 CV DPF ECOM. STYLE	119	0,00%	20.250,00
1.9 TDI 105 CV DPF STYLE DSG 6v.	154	4,75%	22.550,00
2.0 TDI 140 CV STYLE	147	4,75%	22.500,00
2.0 TDI 140 CV SPORT	147	4,75%	23.200,00
2.0 TDI 140 CV SPORT DSG 6 vel.	154	4,75%	24.900,00
2.0 TDI CR 170 CV DPF FR	139	4,75%	25.700,00
2.0 TDI CR 170 CV DPF FR DSG 6 vel.	150	4,75%	27.300,00



## SEAT ALTEA

	Emisións CO2	Imposto de Matriculación	P.V.P.
<b>GASOLINA</b>			
1.4 85 CV EMOCIÓN	159	4,75%	14.900,00
1.4 85 CV REFERENCE	159	4,75%	16.000,00
1.6 102 CV REFERENCE	173	9,75%	16.900,00
1.6 102 CV STYLE	173	9,75%	18.400,00
1.4 TSI 125 CV REFERENCE	152	4,75%	17.800,00
1.4 TSI 125 CV STYLE	152	4,75%	19.300,00
1.4 TSI 125 CV SPORT	152	4,75%	20.000,00
1.8 TSI 160 CV SPORT	165	9,75%	21.100,00
1.8 TSI 160 CV SPORT DSG 7 vel.	157	4,75%	22.750,00
<b>DIÉSEL</b>			
1.9 TDI 90 CV EMOCIÓN	142	4,75%	16.900,00
1.9 TDI 105 CV REFERENCE DPF	139	4,75%	19.500,00
1.9 TDI 105 CV STYLE DPF	139	4,75%	21.000,00
1.9 TDI 105 CV DPF STYLE DSG 6 vel.	159	4,75%	22.550,00
2.0 TDI 140 CV STYLE	149	4,75%	22.500,00
2.0 TDI 140 CV SPORT	149	4,75%	23.200,00
2.0 TDI 140 CV SPORT DSG 6 vel.	159	4,75%	24.900,00
2.0 TDI CR 170 CV DPF SPORT	146	4,75%	25.000,00

## SEAT ALTEA XL

	Emisións CO2	Imposto de Matriculación	P.V.P.
<b>GASOLINA</b>			
1.6 102 CV REFERENCE	178	9,75%	17.900,00
1.6 102 CV STYLE	178	9,75%	19.400,00
1.4 TSI 125 CV REFERENCE	152	4,75%	18.800,00
1.4 TSI 125 CV STYLE	152	4,75%	20.300,00
1.4 TSI 125 CV SPORT	152	4,75%	21.000,00
1.8 TSI 160 CV SPORT	165	9,75%	22.100,00
1.8 TSI 160 CV SPORT DSG 7 vel.	159	4,75%	23.750,00
<b>DIÉSEL</b>			
1.9 TDI 90 CV EMOCIÓN	142	4,75%	17.900,00
1.9 TDI 105 CV REFERENCE DPF	139	4,75%	20.500,00
1.9 TDI 105 CV STYLE DPF	139	4,75%	22.000,00
1.9 TDI 105 CV DPF STYLE DSG 6 vel.	159	4,75%	23.550,00
2.0 TDI 140 CV STYLE	155	4,75%	23.500,00
2.0 TDI 140 CV SPORT	155	4,75%	24.200,00
2.0 TDI 140 CV SPORT DSG 6 vel.	162	9,75%	25.900,00
2.0 TDI CR 170 CV DPF SPORT	149	4,75%	26.000,00

## SEAT ALTEA FREETRACK

	Emisións CO2	Imposto de Matriculación	P.V.P.
<b>GASOLINA</b>			
2.0 TSI 211 CV 4WD DSG 6 vel.	197	9,75%	29.000,00
<b>DIÉSEL</b>			
2.0 TDI 140 CV 2WD	163	9,75%	25.150,00
2.0 TDI 140 CV 4WD	171	9,75%	26.910,00
2.0 TDI CR 170 CV DPF 4WD	159	4,75%	28.510,00



Gran variedad en Desayunos  
y Platos Combinados

**Cafetería**  
**LeHbranza**

Montero Ríos, 39 • SANTIAGO  
Teléfono 981 593 636



981 94 11 86



Tuning e mantemento do teu automóbil  
Sánchez Freire 71, Rotonda de Conxo, Santiago

¡Tenemos el bocadillo  
que más te gusta!



Bocadillos

Sandwichs

Hamburguesas

y Pollos Asados

Rosalía de Castro, 23 - Esq. Montero Ríos  
Teléfono 981 590 538

**moto**  
**93**

**ESPECIALISTAS**  
**EN MOTOS DE**  
**TRIAL**



VENTA Y REPARACION DE MOTOCICLETAS,  
SCOOTERS Y CICLOMOTORES

CEPEDA - OZA (TEO)  
T 981 807 027 • M 696 936 272



## Novo Saab 9-5

Facendo o seu debut público no Salón Internacional de Frankfurt, o novo 9-5 Sedan marca o comezo dunha nova era para a marca Saab. De xeito inconfundible Saab combina un deseño sobranceiro coa tecnoloxía máis avanzada e isto suporá unha alternativa diferente no segmento das berlinas *premium* cando saia á venda no ano 2010.



**A** extensa serie de elementos de alta tecnoloxía inclúe: a proxección de información no parabrisas (Head-Up Display) coma si se tratase dun avión, a iluminación adaptadora (Faros Bi-Xenon intelixentes Smart Beam), o control adaptador da velocidade de cruceiro, o chasis adaptador Saab DriveSense con control continuo do amortecemento en tempo real, o mecanismo de acceso e prendido sen chave, o climatizador intelixente de triple zona, o asistente dinámico de aparca-

mento e o sistema de tracción total Saab XWD. Deste último mecanismo que é o máis avanzado da industria, conta cun diferencial autoblocante con control electrónico (eLSD) no eixo traseiro.

A gama de motores sobrealimentados comeza a partir de 1,6 litros e todos aplican a estratexia de Saab de optimización da cilindrada, baseada no rendemento responsable mediante o desenvolvemento de motores sobrealimentados de catro cilindros, máis ben pequenos e de alta eficiencia. En canto a combustibles, é posible escoller

entre tres: gasolina, diésel e bioetanol E85.

No intre do lanzamento, as opcións de motorización de catro cilindros incluírán un motor turbo diésel de 2.0 litros de 160 cv cunhas emisións de CO2 de tan só 139 g/km e un motor 2.0 turbo de gasolina de 220 cv. O tope de gama -un motor V6 turbo de 2.8 litros con 300 cv e 400 Nm de par- ofrecerase de maneira exclusiva con tracción total Saab XWD.

Pouco despois do lanzamento presentarase un eficiente motor turbo de gasolina de 1.6

litros e 180 cv, amais dun motor 2.0 litros BioPower quen de funcionar con bioetanol E85.

Por último, subliñar que todas as transmisións son de seis velocidades.

## A seguridade e o deseño de Audi chegan até as lamias de aliaxe

**A**s lamias de aliaxe lixeira de Audi son un elemento capital no deseño e na seguridade do vehículo e supoñen moito máis que un compoñente estético. A atención que reciben as lamias no seu desenvolvemento por parte do departamento de control de calidade é moi grande e os especialistas de tecnoloxía de materiais supervisan o proceso desde a

súa concepción até chegar a mans do cliente.

Para cumprir cos rigorosos requisitos de Audi, unha lamia de aliaxe lixeira debe superar unha dura serie de probas: unha secuencia de exames de material, superficie e resistencia. O exame radiolóxico, por exemplo, rastrea defectos de fundición, anomalías ou fisuras. O exame de trazado de curvas simula o devandito trazado con extremas

forzas laterais. Na simulación dun brusco salto de bordo na estrada, as pestanas da lamia deben aturar fortes golpes sen romperse. Así pois, as lamias de Audi salientan nestes casos pola súa robustez, xa que son endurecidas cunha técnica especial que mellora á vez: resistencia e elasticidade.

A superficie das lamias de aluminio de Audi é exclusiva, independentemente de se son de



fundición, forxa ou laminación. Sinalar tamén que a configuración da protección anticorrosión (consistente nunha imprimación, unha pintura base e outra transparente) é común a todos os modelos. É importante tamén subliñar que antes do lacado se comproba a estanquidade de

todas as rodas: Audi non acepta a pintura como "selante".

Nun futuro próximo, Audi planea empregar unha superficie cromada especial, caracterizada polo seu discreto efecto mate (*deseño de iridio*) e que así mesmo, demostre o afán de calidade da marca dos catro aros.

### HIJOS DE C.V. OTERO, S.A.



Nuevo modelo  
Piaggio M500, sin carnet.

Tel: 981 56 17 40 - 981 56 20 01  
Fax: 981 58 80 70  
Gómez Ulla, 16  
SANTIAGO

DISTRIBUIDOR  
OFICIAL  
**PIAGGIO**

## Talleres BASTON

MECÁNICA EN GENERAL

Rúa Salvador, nº 23 -  
Tfnos: 981 570 182 / 981 585 627  
**SERVICIO DE GRÚA  
PERMANENTE**  
Tfnos: 981 521 719 - 981 531 498

Especialista en ABS e Inyección  
Vehículos 4x4 y accesorios especiales  
Preparación vehículos de competición y  
accesorios racing



La maquinaria más avanzada en equilibrado de discos de freno  
Servicio Oficial: **FONOS y LUCAS**



## BREVES

• **O fabricante** indio de automóbiles Tata Motors exhibiu hai poucos días, durante a presentación do 'Proxecto Movele', dous modelos eléctricos, o Indica Vista eléctrica e o ACE, que forman parte do catálogo de produtos que poden acollerse ás axudas de entre 750 e 20.000 euros que ofrece este plan orientado a introducir os vehículos eléctricos no noso país. O primeiro deles foi desenvolvido de forma conxunta con Miljo Grenland/Innovasjon Norueguesa, que é unha empresa especializada no desenvolvemento de solucións innovadoras para vehículos eléctricos e na que Tata Motors posúe un 50,3%.

• **Os vehículos** eléctricos quedarán exentos do pagamento por aparcar nas zonas de estacionamento regulado en Madrid e Sevilla, segundo anunciaron os alcaldes de ambas as dúas cidades durante a presentación do 'Proxecto Movele', ao que se adheriron inicialmente Madrid, Sevilla e Barcelona, e que persegue impulsar o desenvolvemento do automóbil eléctrico en España.

• **Carlos Ghosn**, presidente de Renault e Nissan, cre que o peor da crise pasou aínda que a recuperación será lenta, e se reafirma na súa estratexia de comercialización masiva de coches eléctricos. "Queremos converternos no líder en termos de comercialización masiva do coche eléctrico", sinala Ghosn en declaracións a "Le Figaro" nas que detalla o seu método para conseguir "un prezo competitivo". Trátase de lograr un custo do vehículo sen batería equivalente ao dos modelos diésel e prezos de aluguer da batería e da súa recarga inferiores ou iguais aos gastos de carburante en automóbiles con motores de explosión.

• **China** pechará 2009 cunha marca de matriculacións de vehículos e como primeiro mercado mundial de automóbiles, por primeira vez na historia, en detrimento de Estados Unidos, segundo os analistas consultados polo diario 'Financial Times'. As vendas de automóbiles en China eleváronse a 858.300 unidades durante o pasado mes de agosto, o que supón un forte aumento do 90% en comparación coas 451.300 unidades comercializadas no mesmo período de ano pasado.

# Primeira gran proba do i-MiEV en Alemaña

Como parte do contínuo programa de probas en situacións reais de uso a nivel europeo, o vehículo eléctrico i-MiEV de Mitsubishi Motors está na actualidade sendo probado e avaliado en Alemaña.

Un dos intres máis significativos deste programa de avaliación, produciuse cando o presidente de Fraport AG -Stefan Schulte- recibiu de mans de Martin van Vugt -Conselleiro Delegado de Mitsubishi Motors Alemaña- e de Silke Lautenschläger -Ministra de Medio Ambiente de Hesse- dúas unidades do Mitsubishi i-MiEV para a súa avaliación.

Como gran corporación -un dos maiores operadores loxísticos traballando baixo as máis esixentes condicións que poida haber- Fraport AG é un grupo internacional no sector aeronáutico e opera entre outros campos e actividades, o aeroporto de



Frankfurt, unha das maiores áreas loxísticas do mundo.

Durante o acto de entrega, o Dr. Schulte dixo: "O programa de probas do i-MiEV no aeroporto de Frankfurt marca un novo feito na estratexia de sustentabilidade de Fraport. A redución das emisións de CO2, a mobilidade eléctrica

no aeroporto de Frankfurt, así como unha mellor eficiencia enerxética das terminais e outros edificios, son puntos esenciais de partida". Engadiu tamén que: "vehículos eléctricos puros cunha autonomía de 160 km son ideais para o seu uso en curtas distancias, como é o caso que se dá no

tráfico de aeroportos".

Logo das satisfactorias probas de campo, Fraport AG prevé incrementar a cota de vehículos eléctricos na súa flota até o 20% para 2015 e en máis do 60% a partir de 2020. Asemade, unha rede de cargadores rápidos serán distribuídos por todo o aeroporto.

# Volkswagen presentou o Polo tres portas en Frankfurt

O 15 de setembro presentárase no Salón do Automóbil de Frankfurt a nova aparencia do Kia cee'd. O Kia máis vendido vén de sufrir unha reviravolta, o responsable deste cambio foi Peter Schreyer -xefe de deseño da marca surcoreana- que quere amosar a última versión da calandra que identifica á compañía, así como melloras en canto ao consumo de combustible e redución nas emisións de CO2 (110 g/km), entre outras cousas.

Con 25mm máis de longo, e 7 anos de garantía, o Kia cee'd conta con novos elementos que lle confiren un estilo renovado, como exemplo: a consola central con novos mandos de climatización bizonal e sistema de audio, o volante, o pomo da panca de cambios, etc.

Salientar que o cee'd achega-

rá por primeira vez a tecnoloxía ISG (ralentí, Stop & Go) -ben nos motores gasolina, ben nos

diésel-, unha nova función para o control de estabilidade ESP e grupos ópticos de maior potencia.

O novo motor 1.6 diésel U2 contará cunha caixa de cambios manual de 6 velocidades.



## Cinco estrelas para o Polo máis seguro

O Euro NCAP confirma a protección óptima para os ocupantes dos vehículos e os peóns que circulen canda el. Emporiso, o novo Polo vén de ser sometido aos tests de choque Euro NCAP máis esixentes e -como resultado- recibiu unha valoración de 5 estrelas, a máis alta posible.

Para a quinta xeración do Polo, Volkswagen ideou un paquete de seguridade que inclúe: unha estrutura optimizada da carrozaría, unha efectiva combinación entre cintos de seguridade máis *airbags*, sen esquecer diversos mecanismos de asistencia ao condutor. O resultado: un compacto moi seguro.



# Renault Fluence

**S**erá o outono de 2009 a época escollida por Renault para lanzar un novo modelo berlina tricorpo cun estilo fluído e elegante, o Fluence. Encamiñado aos amantes das berlinas con clase, este vehículo sucede ao Mégane II *tricorpo* nas liñas da fábrica Oyak-Renault de Bursa (Turquía), aproveitando as instalacións industriais xa existentes.



Este novo *tricorpo* de 4,62 metros de longo atópase - polo seu tamaño e prestacións - a medio camiño entre o segmento dos familiares compactos (chamado segmento C) e o segmento medio superior.

Son de salientar os faros, de fei-

tura depurada, que se estenden cunha liña fluída e elegante percorrendo a carrozaría e arrodando de maneira harmoniosa o maleteiro. Asemade, a banda e reixiña cromada da entrada de aire superior son as encargadas de darlle un aquel deportivo á parte dianteira. En canto aos pasos de roda, dicir que se atopan ben esculpados e o longo capó pón de relevo a clase do Renault Fluence. Xa na parte traseira, hai que subliñar as ópticas - situadas de xeito horizontal e en dúas partes - que achegan unha apertura de maleteiro de grande anchura e confirman o estilo ben moderno do vehículo.

## MOTORIZACIÓNS

Dende o seu lanzamento, o Renault Fluence disporá (segundo os países) dunha ampla gama de motorizacións.

Dúas motorizacións gasolina con dúas versións cada unha: 1.6 16 v de 110 cv inserido a unha caixa de velocidades automática ou manual e 2.0 16 v de 140 cv proposto cunha transmisión CVT de variación continua ou con cai-

xa manual.

O motor diésel 1.5 dCi existe en 5 versións: dCi 85, dCi 90 FAP, dCi 105, dCi 110 FAP3 e dCi 110 FAP axustado á nova caixa de velocidades de dobre embrague DCT (*Dual Clutch Transmission*). Todo isto cunhas emisións de CO2 inferiores a 119 g/km, é por isto que todas as versións diésel reciben a etiqueta Renault eco<sup>2</sup>.

## FINANCIAMENTO AO 2% TAE PARA TODA A GAMA RENAULT

Renault, a través da súa financeira Renault Crédit International Sucursal en España, vén de lanzar ao mercado unha acción financeira moi potente.

Trátase dun empréstito de até 10.000 euros ao 2% TAE, para créditos a 36 meses. Esta opción financeira foi deseñada non só para clientes particulares, senón tamén para autónomos ou empresas non *flotistas*, podéndose aco-

ller a esta promoción calquera vehículo da marca Renault, ben sexa un turismo ben sexa un vehículo comercial.

No que se refire a promocións por modelos, cómpre salientar o desconto especial de 4.000 euros para o Renault Koleos e 2.000 euros para o Laguna Coupé. Ámbolos modelos se benefician deste xeito de axudas iguais ou superiores ás do Plan 2000E.

## BREVES

- **Mercedes-Benz e AMG** desenvolveron un novo 'superdeportivo', denominado SLS, que conta cunha carrozaría lixeira de aluminio e unhas portas do tipo ás de gaivota, que lanzará este modelo na primavera de 2010. Este modelo deportivo incorpora un motor central AMG V8 de 6.3 litros, que desenvolve unha potencia de 571 cabalos, asociado a un cambio de sete marchas con dobre embrague.

- **Dieter Zetsche**, conselleiro delegado de Daimler, non descarta novas formas de cooperación con Toyota para reducir custos. "Hai unha serie de custos que ambos os dous produtores poderían compartir", declarou Zetsche nunha entrevista na revista alemá "Auto motor und sport". O conselleiro precisou que unha área onde "teoricamente é imaxinable cooperar con Toyota é a tecnoloxía de carburante". Zetsche declarou que neste momento non hai negociacións nese sentido co produtor nipón.

## O Ampera en Frankfurt

**O**pel estivo presente no Salón do Automóbil de Frankfurt, o motivo era amosar o liderado da marca en canto a electrificación de automóviles, o revolucionario Ampera -un auténtico coche de catro prazas- chegará mobilidade eléctrica sen emisións e sen as limitacións dos coches eléctricos convencionais. Estamos a falar dun automóbil axeitado para conducir a calquera distancia e en calquera intre.

O Ampera -de cinco portas e

catro prazas- emprega a senlleira tecnoloxía de propulsión eléctrica denominada Voltec, que traballa de maneira diferente a outros sistemas avanzados de propulsión. O vehículo en cuestión é eléctrico de autonomía estendida (E-REV), emprega a electricidade como fonte principal de potencia e sèrvese de gasolina como fonte secundaria para producir electricidade.

As rodas do Ampera móvense con enerxía eléctrica en todo intre e a calquera velocidade. No caso de desprazamentos de até 60 km



Car-Peter Foster (a dereita na foto), director de Opel, presentando o Ampera e o Novo Astra no Salón de Frankfurt

(en percorrido combinado), funciona de xeito exclusivo coa electricidade amoreada nas súas baterías de ión de litio de 16 kWh, iso si con emisións cero CO2. E se a enerxía da batería é baixa? Entón a electricidade producida polo motor-xenerador aumentará a autonomía do Ampera até máis de

500 km.

Dicir que o Opel Ampera se pode recargar conectándoo a un enchufe normal de 230 v da rede eléctrica.

O vehículo eléctrico de autonomía estendida de Opel comezará a ser fabricado a finais de 2011.

# TU BODA



**SALONES CONGRESO**

Carretera de La Estrada, Km. 3 · MONTOUTO  
Teléf.: (981) 81 90 80 · Fax: 81 91 24  
15894 Santiago de Compostela



# Alfa Romeo Spider

Tivemos o pracer de probar para os lectores de *Sprint Motor* un Alfa Romeo Spider que xentilmente nos cedeu o concesionario oficial da marca, **APV Motor**, en Santiago de Compostela. Sen dúbida, é un modelo certamente deseñado para gozar, de múltiples maneiras:

contemplando o seu deseño, pola sensación de circular descapotado, polo seu tacto ó conducilo... Digamos que son moitas e especiais as sensacións percibidas e que fan que a do Alfa Spider sexa unha proba singular. Realmente un estupendo doce italiano.



É un modelo certamente deseñado para gozar, de múltiples maneiras



>> O proceso de capotar e descapotar é totalmente automático necesitándose pouco máis de 20" para realizar toda a manobra con só premer un botón

# Un doce



TEXTO: Luís Penido  
Fotos: L. Penido/Sprint Motor

O primeiro realmente destacable é que o Alfa Spider é plenamente válido para un uso diario, xa que a pesar de dispor de só dúas prazas, o seu amplo maleteiro, o despregamento automa-

tizado da súa capota e a suavidade na súa utilización en xeral aportan unha grande practicidade para todos os días do ano.

Como é sabido este modelo deriva do modelo Brera, sendo Pininfarina o encargado de deseñar a súa conversión nun precioso convertible con teito de lona. O resultado son case 4,40 metros de longo, por 1,83 de ancho e 1,37 de alto.

## Capota e interior

A comodidade non só se aprecia circulando descapotado (o adecuado estudio aerodinámico minimiza as molestas turbulencias) senón que ademais cando se capota a rumorosidade é apenas superior a dalgún automóbil co teito rixido. Isto é especialmente interesante na nosa terra, xa que nela abundan os días chuviosos, polo que neses días basta con despregar a capota e asunto resolto. Por certo, que o proceso de capotar e descapotar é totalmente automático, necesitándose pouco máis de vinte segundos para realizar toda a manobra con só premer un botón preto da panca do freo de man. Esta tarefa ten que se realizar co vehículo parado. A

marca italiana asegura ademais unha estanqueidade total da súa capota.

Para os que non estean acostumados a circular en convertibles sorprenderalles o preto que parece quedar a parte superior do parabrisas da cabeza do condutor e do acompañante. De feito, as persoas de talla moi alta poden botar en falta algo máis de altura ao teito. Isto é algo habitual neste tipo de modelos xa que os deseñadores buscan inclinar o parabrisas de cara a favorecer a estética final da carrozaría nunha vista lateral dos vehículos.

A calidade dos interiores segue a liña das últimas creacións de Alfa Romeo cuns acabados moi mellorados e o habitual deseño deportivo da marca italiana.



# o ce italiano

## Motor e caixa

O noso Alfa Romeo equipa un propulsor de gasolina de 2.2 litros JTS Twin Phaser con 185 cabalos que move con soltura a carrozaría do Spider aínda que sen grandes alegrías (para máis prestacións está dispoñible un 3.2 V6 con 320

cabalos), pero que o meu parecer encaixa perfectamente nun modelo que goza realmente circulando descapotado a velocidade moderada e non necesariamente nunha condución deportiva. Ademais esta versión mecánica non dispara en exceso os consumos. Na nosa proba fixemos un consumo mixto de 9 litros de gasolina por cada cen quilómetros percorridos. Boa parte da proba realizámola, como non podía ser doutra maneira, coa capota recollida. A sensación do vento na cara cambia o sentido da viaxe, e outra percepción. Hai que vivila.

Para os amantes do diésel está dispoñible un 2.4 JTD con 200 cabalos. Por



Os 185 cabalos do Spider moven con soltura a súa carrozaría

certo que este motor (o 2.2 JTS) está sendo substituído por un máis moderno denominado 1750 Tbi que desenvolve 200 cabalos de potencia e que reporta un menor consumo de combustible.

A caixa de cambios é de seis relacións e pode ser opcionalmente automática. Nós probamos a manual e pareceunos moi ben escalonada nas súas relacións de cambio e cun tacto e precisión adecuadas.

## Equipamento e prezo

O Romeo Spider da proba dispoñía dun elevado equipamento que practicamente trae todo de serie (control de estabilidade, axuda ao arrinque en costa, climatizador bizonal, sensor de aparcamento, controlador de velocidade, espellos abatibles electricamente, alarma...) e aínda se pode mellorar cunhas opcións coma os faros bi-xenón ou o sistema de navegación Connect NAV, por poñer uns exemplos.

Esta unidade seminova (a probada por Sprint Motor) conta cuns 20.000 quilómetros e está á venda por menos de 30.000 euros en APV Motor, sen dúbida unha boa oportunidade para darse un capricho a un prezo moi razoable.

A calidade dos interiores segue a liña das últimas creacións de Alfa Romeo



E para os que prefiran estrelalo a partir de 38.000 euros xa terán dispoñible un Alfa Romeo Spider no concesionario APV Motor no Polígono de Tambre

en Santiago de Compostela. Por pouco máis do que costa un vehículo de gama media pódese dispoñer dun vehículo espectacular e polivalente.

## Ficha técnica

<b>Motor:</b> 2.2 JTS
<b>Cilindrada:</b> 2.198 cc
<b>Estrutura:</b> 4 cilindros en liña, transversal dianteiro
<b>Inxección:</b> electrónica directa MED 7.6.1 integrada co encendido
<b>Potencia máxima en cv / rpm:</b> 185 / 6.500
<b>Par motor en Nm CEE / rpm:</b> 230 / 4.500
<b>Tracción:</b> dianteira
<b>Caixa de velocidades:</b> manual
<b>Número de velocidades:</b> 6
<b>Volumen do maleteiro:</b> 253 (200 con roda de reposto)
<b>Freos dianteiros / traseiros:</b> discos ventilados / discos maciços
<b>Capacidade do depósito:</b> 70 litros
<b>Lonxitude total:</b> 4.393 mm
<b>Número de prazas:</b> 2/2
<b>Combustible:</b> gasolina

**JR oterocaritón**

RECAMBIOS DEL AUTOMÓVIL • MAQUINARIA DE AUTOMOCIÓN • PINTURAS EN GENERAL

Polígono Industrial del Tambre - Via Edison, 30

981 958 340 (8 líneas) - 981 958 342 (Pintura) 981 958 341

15890 SANTIAGO DE COMPOSTELA

www.oterocariton.com

**STAR**  
SERVICIO TÉCNICO  
AUTOREPARACIÓN

**TALLERES DEL AUTOMÓVIL**



# Avión matriculou máis coches que Madrid

A localidade ourensá de Avión sempre ofreceu características singulares, comezando pola súa emigración a México. Os últimos datos rechamantes son os que fan referencia a que Avión é o principal motor estatal nas matriculacións de vehículos con placa turística, unha forma de obter un coche moito máis barato.

Estes datos, achegados por Automovilistas Europeos Asociados (AEA), sorprenden incluso ós propios avionenses, que residen nunha vila cun censo que non chega ós 3.000 habitantes. Mario Arnaldo, presidente de AEA, amplianos esta información, que seguro que deixou a máis dun habitante das grandes urbes do estado coa boca aberta.

Mario Arnaldo coméntanos as particularidades desta matrícula



A placa turística é de cor branca cunha franxa vermella, empezan todas coa letra T

*coches con placa turística que as cidades de Madrid e Marbella xuntas. Por certo, esta última, cun gran número de matrículas turísticas, debido á elevada porcentaxe de árabes e turistas con gran poder adquisitivo que veranean e residen ali.*

*Madrid matriculou 119 unidades e Marbella 108, é dicir lonxe das 299 da vila galega de Avión.*

**Sprint Motor: Como é o réxime especial deste tipo de matrícula á que nos estamos a referir?**

*Mario Arnaldo: No noso país existe dende hai moitos anos este réxime especial de matriculación. Empezando pola placa, que é máis ben rechamante porque é de cor branca cunha franxa vermella na súa parte esquerda, empezan todas coa letra T.*

*Este réxime especial, que xa leva anos implantado, tratou de fomentar que os turistas que viñesen a España, cando o noso país se empezaba a abrir a Europa, mercasen comodamente un vehículo. Unha forma de facilitarlles o acceso a un automóbil e de telos contentos e vender*

*vehículos que normalmente eran caros. Desta forma un estranxeiro que viñese a pasar as vacacións aquí asiduamente, ou sexa cunha vivenda en propiedade, podía viaxar tranquilamente en avión ata España e ter o seu automóbil á súa disposición no garaxe da súa casa. Iso si, mercaba un coche exento de impostos. Hai que pensar que na actualidade o IVE é do 16 por cento e o imposto de matriculación máis caro é do 14 por cento, ou sexa un 30 por cento de aforro para o turista. Cando se iniciou esta modalidade de matrícula turística, os gravames chegaban a ser dun 35 por cento. Que ocorreu? Pois moi doado. Cando os propios concesionarios nacionais empezaron a captar clientes estranxeiros de alto poder adquisitivo, o que lle ofrecían er venderlles un automóbil con estas placas. Ó remate das súas vacacións ou da súa estadía, ese vehículo tiña que saír do país, quedar precintado ou ser vendido a outro estranxeiro que cumprise coas condicións dese réxime especial para gozar desa exención arancelaria.*

**Sprint Motor: Os portugueses, por exemplo, poderían gozar desta exención na actualidade?**

*Mario Arnaldo: Isto cambiou coa entrada na Unión Europea, pois agora os cidadáns europeos non teñen dereito a esta modalidade de matrícula. Que quede claro que a utilización deste tipo de coches está limitada a condutores específicos.*

*Concretamente, calquera cidadán europeo non o podería conducir. Doutra forma estaríase cometendo unha infracción.*

**Sprint Motor: Exactamente, que tipo de automóbil se soe acoller a esta matrícula?**

*Mario Arnaldo: A maioría, por non dicir todos, son coches de gama alta. Para dármonos conta, as marcas preferidas na vila galega á que nos estamos a referir son as seguintes: 103 Mercedes, 26 BMW, 18 Porsches e 14 Audis. É dicir, estamos falando en todos os casos de automóviles de luxo.*

*O que notamos é que, se hai uns anos se trataba de vehículos novos, agora hai unha pequena*

Texto: Brais García  
FOTOS: Sprint Motor

**Sprint Motor: Como contribúe Avión á estatística nacional? Cantos automóviles se deron de alta neste réxime especial nesta localidade?**

*Mario Arnaldo: Para facérmolos unha idea, basta dicir que no ano 2008 se matricularon en todo o país 1.150 vehículos mediante esta modalidade de matrícula. Para facérmolos unha*

*idea clara do potencial de Avión, diremos que se matricularon 299 unidades dese total de 1.150 automóviles. Temos que engadir que esta vila ten un censo de 2.664 habitantes, segundo datos do Instituto Galego de Estatística. Evidentemente é rechamante que teñan unha porcentaxe tan alta de matriculacións desta modalidade tan particular. Para mellor visión da situación, cómpre indicar que este concello matriculou máis*



[www.sprintmotor.com](http://www.sprintmotor.com)

para estar informado do que acontece no mundo do motor galego visite a nosa páxina web

[www.sprintmotor.com](http://www.sprintmotor.com)



# con placa turística Madrid e Marbella xuntas

porcentaxe de automóbiles usados con placa turística. Polas estupendas ofertas que teñen os concesionarios de coches de gama alta de directivos ou de demostración. Queda claro, en todos os casos, que hai unha capacidade adquisitiva altísima de todas estas persoas que pasan as súas vacacións en Aviión.

**Sprint Motor:** Así e todo, vemos que os veraneantes de Aviión non deven por marcas extremadamente deportivas, como Ferrari, Maserati ou Lamborghini.

**Mario Arnaldo:** Outros anos si houbo máquinas destas. Pero falamos de deportivos moi especializados que probablemente non son os mellores para as estradas de Galicia. Probablemente a parcela dos vehículos quede satisfeita coa marca alemá Porsche. Cobre as necesidades deportivas e é máis doado de utilizar en conducción urbana, por exemplo.

**Sprint Motor:** Para unha estadía máxima de tres meses non sería máis razoable optar por un alugamento?

**Mario Arnaldo:** O sentido da propiedade dun automóbil está cambiando. Hai que ter en conta que un coche é un obxecto que se deprecia moito. Coa crise actual está depreciación é moito máis importante. Por isto pode ocorrer que nos anos vindeiros xa non compense tanto ir a unha matrícula con placa turística cos inconvenientes que leva consigo a perda de valor tan forte á que están sometidos os vehículos. Mais polo de agora a opción da propiedade segue a ser a preferida polos visitantes de Aviión.

**Sprint Motor:** Cal é o tempo medio de estadía destes turistas con raíces galegas?

**Mario Arnaldo:** Máis ou menos oscila entre un mes e tres meses. Este tempo varía tamén dependendo da época do ano na que se despracen a Galicia. A opción preferida é a do verán.

>> Madrid matriculou 119 unidades e Marbella 108, é dicir lonxe das 299 de Aviión

Brais García

## Caprichos de rico

**S**on moitas as persoas estranxeiras que actualmente optan por automóbiles de alugamento para pasar as súas vacacións no noso país. Incluso cun poder adquisitivo moi alto. Escollen preferentemente as marcas tradicionais alemás de luxo ou outras diferentes pero de gama alta. Evitan desta forma ter que estar preocupadas pola compra ou a posterior venda do vehículo. Isto empeza a ser frecuente entre os estranxeiros que están semiinstalados na costa mediterránea. Así e todo, esta opción non é a preferida polos galegos, ou con raíces galegas, que visitan Galicia no verán e que veñen a pasar unha longa temporada de vacacións.

Por outra banda, outras persoas descartan o alugamento. Ás veces porque os vehículos que mercan teñen unhas características especiais que os de alugamento non cumpren. Segundo nos contaba o xerente dun concesionario de

Marbella, que nos pediu que non o identificásemos por seguridade, “temos clientes que queren automóbiles blindados. Estes teñen que ter unha blindaxe moi definida. Esa unidade leva unhas características tan específicas que sería imposible atopala no mercado do alugamento”. En cambio, reconece que outros propietarios non son tan esixentes nas condicións de seguridade, pero que si moi “puntillosos” á hora de incorporar algunhas opcións. “O ano pasado tivemos un cliente habitual do concesionario, que entre as “delicatessen” que escolleu incorporou un equipo de son valorado en case 30.000 euros”.

Habitualmente as empresas de alugamento o que ofertan son vehículos digamos, estándar. Este tipo de cliente, dun grandísimo poder adquisitivo, quedaría insatisfeito co que lle poidan ofrecer; por iso optan por comprar o automóbil con todos os extras que se lle antollen.

>> Isto cambiou coa entrada na Unión Europea, pois agora os cidadáns europeos non teñen dereito a esta modalidade de matrícula

O Mercedes é a marca preferida, con este tipo de matrícula, na vila galega



DESGUACE ECOLÓXICO

**Trameve**  
TRATAMIENTO MEDIOAMBIENTAL DE VEHÍCULOS

www.trameve.com

Vía La Cierva, 90. Pol. Ind. del Tambre  
15890 Santiago de Compostela • A Coruña



- Venda de Recambios de Ocasión para o automóbil Garantidos
- Recollida de Baixas e Sinistros
- Servizo privado de Grúa

Tel.: 981 554 707  
607 273 660



Fax: 981 554 156

E-mail: tratamiento@cogami.es



Falamos da nova aposta da marca francesa:  
a gama DS, un vehículo feito baixo a supervisión dos gustos do propio cliente

## Citroën DS3, o coche á carta

Antes da súa estrea - no pasado Salón do Automóvil de Frankfurt- Citroën ía dando pistas sobre a súa nova proposta. Xa no mes de xaneiro, a marca francesa desvelaba algún dato sobre o seu novo enxeño: a gama DS. O primeiro modelo desta vertente distintiva chegaba ao Salón de Frankfurt baixo o nome de Citroën DS3, un vehículo inscrito dentro do segmento do C3.



O condutor/-a poderá gozar do mellor son, pois no interior do DS3 vai inserido un sistema HiFi, digno dos sistemas de salón de última xeración

xos das portas, as rodas... mesmo o mando a distancia da chave de contacto inclúe unha pastilla coa mesma cor exterior do coche, para que o dono/-a do DS3 non esqueza o seu vehículo.

Outra das singularidades desta gama é a oferta de servizos específica que trae consigo, pois todos os da gama DS contarán co extra Citroën Freedrive, isto é, o propietario do vehículo en cuestión terá sempre á súa disposición un vehículo de substitución durante o período de mantemento do seu DS3.

Que ten o DS3 de diferente? Citroën propónse salientar con esta gama, para isto engade un aquel diferenciador en moitos detalles, sinalamos algún: o teito *flotante* que non posúe apoio en ningún alicerce lateral do coche, unha aleta de *quenlla* que consegue dinamizar a liña da carrozaría, as luces de tipo LED situadas no frontal, etc. Mención á parte merece o cadro de instrumentos (con tres cuadrantes cónicos), pois os mandos de condución están máis próximos ao *piloto* que se atopa nunha posición de condución máis baixa e *arrodeado* polos seus asentos dunha maneira envolvente, coma si se

atopara nunha cabina de avión (*cokpit*). No entanto, o condutor/-a poderá gozar do mellor son, pois no interior do DS3 vai inserido un sistema HiFi, digno dos sistemas de salón de última xeración.

### Motorizacións e equipamento

En canto a motorizacións, o Citroën DS3 achegará 5 opcións Euro V, asociadas a unha caixa de cambios manual de 5 ou 6 velocidades: dúas diésel (HDi de 110 e 90 cv) e tres de gasolina (THP 155, VTi 120 e VTi 95). É de salientar o nivel de emisións de CO<sub>2</sub>, pois cae na cifra de 99 g/km, reafirmando o liderado da casa francesa a prol dun mundo máis limpo.

O DS3 foi concibido para 5 ocupantes, as súas medidas son: 3,95 m de lonxitude, 1,71 m de ancho e 1,45 m de alto. Posúe un maleteiro ben amplo (285 l) e o extra dunha banqueta abatible 2/3-1/3.

Citroën non deixa de lado o factor seguridade, para isto dota ao seu DS3 dun sistema de freada ben seguro: o ESP, o ABS, o repartidor electrónico de freada (REF) e a axuda á freada de



## Pódense reservar xa os 100 primeiros DS3

O Citroën DS3 chegará ao mercado en abril de 2010, pero para os que non poidan esperar xa se poderán facer reservas deste modelo no sitio web [www.ds3.citroen.com/es](http://www.ds3.citroen.com/es). Coincidindo coa presentación do DS3 no Salón de Fráncfort, Citroën ofrece a posibilidade de reservar 1.100 unidades exclu-

sivas, 100 delas no noso país. Trátase de 20 definicións diferentes, de gama alta, mostra da multitude de opcións de personalización do DS3.

Un espazo interactivo da páxina web de Citroën permite ao internauta reservar en liña o DS3 da súa elección. Unha vez que efectúe a confirmación no punto de venda, será un dos primeiros en posuír este modelo.

urxencia (AFU). A seguridade pasiva tamén ten o seu lugar no DS3, de serie contaremos con: 6 airbags, cintos de 3 puntos de ancoraxe e suxeicións Isofix nas prazas laterais traseiras.

Alén dos elementos citados anteriormente, o novo DS trae tamén diversos equipamentos de axuda á condución como o

regulador/limitador voluntario de velocidade, o indicador do cambio de marcha, etc. A xeito de extra podemos incluír no noso Citroën un mecanismo de navegación MyWay, levaremos canda nós un sistema de audio e multimedia con navegación en cor, un sistema de audio CD compatible con mp3/WMA ou un kit mans libres Bluetooth®.



TEXTO: Brais García  
FOTOS: Sprint Motor

Herdeira do espírito do Concept Car DS Inside, a arma secreta de Citroën reside na orixinalidade e exclusividade desta gama, na que o cliente é a *cabeza pensante* á hora de deseñar o seu propio coche, até o mínimo detalle. A xeito de exemplo, a cor do teito poderá ser elixida polo cliente entre catro tonalidades diferentes ao resto da carrozaría (Negro Onyx, Branco Opale, Azul Botticelli ou Vermello Carmen), a carcasa dos retrovisores, os bai-



**Abarth 695  
"Tributo  
Ferrari"**



**O**novo Abarth 695 "Tributo Ferrari" presenta peculiaridades estéticas, así como salientables modificaciones realizadas conxuntamente polos técnicos de Abarth e de Ferrari. O propulsor 1.4 Turbo T-Jet 16v potenciose ata os 180 cv. Vai asociado a un cambio MTA (Manual Transmisión Automated), xestionado a través de levas no volante que accionan electrohidraulicamente o embrague. Esta configuración, inspirada no mundo das carreiras, potencia as prestacións do motor con tempos moi reducidos no cambio de marchas.

Para aumentar a aceleración, o coche está provisto de pneumáticos específicos montados sobre pinas de aliaxe de 17" con deseño inspirado nas pinas Ferrari. Ademais, A suspensión e o sistema de freado foron tamén reforzados para obter un rendemento extra. Os freos de disco teñen un diámetro 284 mm e contan con pinzas de catro pistóns, ambos os dous producidos por Brembo. Os amortecedores garanten prestacións en condicións de seguridade total.

**Mito  
"Quadrifoglio  
Verde"**



**D**ispoñible con posterioridade ao lanzamento das motorizacións MultiAir de 105 e 135 cv, en Frankfurt presentouse como primicia mundial o Alfa Romeo Mito "Quadrifoglio Verde" equipado co 1.4 Turbo Gasolina MultiAir de 170 cv. Esta exclusiva versión recupera un símbolo lendario que, no curso dos anos, identificou a algunhas das realizacións máis deportivas asinadas por Alfa Romeo. En efecto, desde sempre sinónimo de patrimonio, carreiras e vitorias, hoxe o "Quadrifoglio Verde" é reinterpretado en clave moderna, presentando unha nova concepción de deportividade que combina o pracer máximo da condución con maior sensibilidade ambiental.

"Quadrifoglio Verde" será a versión de prestixio do Mito, equipada co máis potente propulsor MultiAir de 170 cv e provista de solucións innovadoras que acentúan os xa consolidados dotes do modelo: estabilidade na estrada, axilidade, seguridade activa e feeling de condución.

**Twizy Z.E.**



**T**wizy Z.E. Concept é unha solución de mobilidade urbana innovadora. Con un chasis de 4 rodas, Twizy Z.E. Concept proporciona aos seus dous ocupantes «en tándem» un medio de transporte 100% eléctrico e cero emisións de CO2.

Twizy Z.E. Concept, vehículo compacto e áxil, cumpre á perfección as esixencias que impón a circulación en cidade. Os dous ocupantes estarán moi ben protexidos pola carrozaría envolvente de Twizy Z.E. Concept, un auténtico «niño» que auna seguridade e tranquilidade.

Equipado cun motor eléctrico de 15 kW que subministra un par de 70 Nm, Twizy Z.E. Concept ofrece suavidade e confort ao conducir. A súa capacidade de aceleración no medio urbano e periurbano é comparable á dun 2 rodas.

**Gama T5**



**T**ransporter, Caravelle, Multivan e California – estas son as catro versións básicas dun Bestseller mundial do que se venderon millóns de unidades. Para asiduos como empresas de servizos, instaladores, familias, comerciantes e trotamundos, estes polivalentes vehículos representan unha ideoloxía automobilística que é sinónimo de mobilidade e versatilidade sen límites. Coa estrea mundial do Multivan e do California no Salón de Frankfurt, unha nova xeración dos modelos de éxito de Volkswagen Vehículos Comerciais chegará ás estradas. A nova xeración foi perfeccionada profundamente, caracterizándose agora por ofrecer unhas taxas de emisións máis baixas, ademais de ser máis eficiente, económica, confortable, elegante, segura e intelixente. Co comezo do Salón se inicia tamén a venda anticipada das catro versións básicas.



MY NEXT WEEK

**APV MOTOR**

C/ Isaac Peral, 4  
Polígono del Tambre  
Telf.: 981 53 40 57  
SANTIAGO

Para más información, visita [alfaromeo.es](http://alfaromeo.es), llama al 900 2532 00 o envía "NUEVOMITO" al 5195\*

\* Coste sms 0,15 cent. de euro. Sólo 1 sms necesario.  
Gama Alfa Mito: Consumo mixto entre 4,8 y 6,5 l/100km. Emisiones CO2 entre 126 y 153 gr/km.





# II Trial Trofeo Concello de Teo



O concello de Teo, con su club moteiro á cabeza o Club Motociclista Teo, vai albergar unha nova proba puntuable para o Campionato Galego de Trial. Por segundo ano consecutivo nas fincas dos veciños de santa María de Lampai. Os trialeiros galegos van ter a súa particular batalla para dobregar as impresionantes rochas e ladeiras que agardan a estes deportistas que sobre as súas máquinas marabillaron o ano pasado a todos os asistentes e que de seguro non defraudarán nesta nova ocasión.

**N**esta nova edición contamos con moitas novidades, a máis importante que os moteiros de Teo, traballaron de arreo para ter o seu propio moto club. Este é o Club Motociclista Teo, case un ano de existencia e queremos celebrar o noso primeiro aniversario cun éxito na organización desta proba.

Un motoclub sen socios non é nada así que dende estas páxinas queremos felicitar a todos e cada un dos nosos 39 socios, aos que a xunta directiva saúda cordialmente.

No turno de agradecementos queremos expresar as nosas máis sinceras grazas a todos os que coa súa colaboración fixeron posible que este Club poda levar a cabo a organización de este evento deportivo. Debemos destacar as seguintes firmas comerciais: Grúas e Transportes Orbutrans, Café A Senra, Excavacións Midón, Eyma, Macova, Rotularama e a todos os que queiran colaborar con nós nos nosos proxectos deportivos.



O CMT participa con seis pilotos no campionato galego

## Pilotos do CMT

**N**o deportivo o Club Motociclista Teo, participa con 5 pilotos. O noso piloto benxamín é Carlos Ordóñez, un cadete que con 12 anos está terceiro no Campionato Galego de Trial e segundo con opcións de quedar campión na Copa Galicia. Carlos representa a xuventude e o futuro do noso Club no Campionato. Este rapaz compaxina os seus estudos co seu adestramento e froito dos seus resultados estudiantís é a estrea para esta recta final do campionato da súa nova montura unha flamante GAS GAS "Raga", e as fins de semana adestra cos seus compañeiros nos montes de Teo.

Na categoría de promoción contamos con dous representantes Alfonso Montoto e Juan Abelleira, no seu primeiro ano de competición repartíronse os terceiros postos nas 5 carreiras disputadas, chegan á recta final do campionato nunha dura pugna por facerse coa terceira posición final, dende o Club animamos a estes dous pilotos de forma especial ao tratarse do seu primeiro ano de competición e de estar loitando con xente máis experimentada e curtida nesta especialidade do motociclismo.

A categoría máis numerosa do campionato é sen dúbida a de

Veteranos onde pilotos de trial de toda a vida do continúan coas súas batallinas xunto cos non tan veteranos. Aquí é onde se encontran os nosos dous representantes Carlos Waldomar e Casimiro García, que sendo o seu primeiro ano nesta numerosa categoría tratan de completar unha temporada de aprendizaxe e poder plantar cara a algún dos vellos leóns que na actualidade teñen os primeiros postos copados. Os resultados non están acompañando a estes pilotos máis confiamos, neles para que no trial de Teo podan dar a campañada.

O II Trial Trofeo Concello de Teo, vai ter o seu epicentro no campo de fútbol de Lampai o 11 de outubro, onde os mozos do CMT, van preparar un despegue contra vento e marea, para que todos os afeccionados e seguidores podan gozar coa proba. O primeiro participante tomará a saída ás 10 da mañá, continuando cada minuto ata o último en saír que serán os pilotos da categoría Senior A. As zonas preparadas para a competición ubícanse nas proximidades do campo de fútbol e no mirador de Lampai. Un total de 10 zonas ás que os pilotos terán que dar dúas voltas, tendo previsto ao final da proba a entrega de trofeos sobre as tres do serán.

*Club Motociclista de Teo*



Iván Marante



Reportaxe gráfica


# Subida a Cerdedo



Un espectacular Benito Varela anotábase a segunda vitoria consecutiva na montaña galega



A pesar de non levar unha suspensión adecuada, Jaime Castro foi o primeiro do grupo P e terceiro carrozado



J. Carlos Encinas volveu imponse e sigue sendo o claro dominador en históricos



A única fémia da grella facía voar o "205 rallye" nas tres mangas



Cinco vitorias en cinco carreiras danlle a Luis Penido o título de campión do grupo A



Manuel Senra conseguía ser segundo en turismos e primeiro do grupo X



Pouco máis de un segundo separou a Cristóbal Serantes da primeira praza



Toño Varela rodou moi rápido e colocou o Fómula Outeda na terceira praza da Xeral



Nove pilotos con opcións de gañar o campionato

## O DTM entra en España nunha fase decisiva

O DTM entra nunha fase decisiva coa carreira de Barcelona, o vindeiro domingo, 20 de setembro. E é que a loita polo título intensifícase cada vez máis no certame de turismos máis popular do panorama automobilístico internacional. Nada menos que nove pilotos teñen a posibilidade de lograr a vitoria absoluta e Audi está nunha inmejorable posición para facerse co título de marcas.



TEXTO: Sonia Pena  
FOTOS: Sprint Motor

**A** falta de tres carreiras para que conclúa a presente tempada, dous pilotos de Audi, Calote Scheider e Mattias Ekström, encabezan a clasificación provisional do campionato. Ambos os dous saben o que é gañar o DTM, pois Scheider alzouse coa vitoria a tempada pasada e Ekström conseguiu no 2004 e 2007. Ambos os dous recibiron a clara consigna de facer que o cetro do DTM recale de novo nas vitrinas de Audi. Sería a sétima coroa que conquistaría a marca dos catro aros. Por se iso fóra pouco, Audi converteríase na primeira marca na historia que gañaría o DTM por terceira vez consecutiva.

Sobre o papel, nada menos que nove pilotos manteñen posibilidades matemáticas á vitoria final. Pero, contemplando a situación de forma máis realista, o círculo de candidatos redúcese a seis. Scheider (43 puntos) e Ekström (38) encabezan a lista, seguidos de Gary Paffett



Os equipos de asistencia de DTM teñen unha especialización moi alta

(34), o terceiro clasificado provisional e mellor representante de Mercedes na táboa. Paul di Resta (29), Bruno Spengler (29) e Martin Tomczyk (27) mantén vivas as súas opcións aínda que os seus designios dependerán de que ningún dos tres favoritos puntúe en Barcelona.

Sen dúbida, esa posibilidade nunca pode descartarse no DTM, sobre todo porque os principais aspirantes loitan polo seu obxectivo sen reservas e con todas as consecuencias, tal e como se viu hai poucas datas na carreira de Brands Hatch. E, aínda que a historia da carreira de Barcelona do DTM é aínda relativamente recente, non faltaron nela momentos de grandes turbulencias con accidentes, penalizacións e problemas de diversa índole.

Por todo iso, os afeccionados poden estar seguros de que poderán asistir a outra trepidante carreira do DTM á que Audi chega cunha lixei-

ra vantaxe. Así, grazas aos resultados da carreira de Brands Hatch, o Audi A4 DTM deste ano gozará dun peso mínimo 10 quilos menor que os coches con especificacións 2009 dos seus rivais. E na versión curta do Circuit de Catalunya, con só 2,977 km, ata o detalle máis insignificante resultará verdadeiramente relevante.

De todos os pilotos de Audi, o que conserva mellores records de Barcelona é, sen dúbida, Martin Tomczyk, que conseguiu a primeira das súas catro vitorias no DTM neste trazado no 2006 e logrou

dous pole positions no trazado español. Sen embargo, a Tomczyk tampouco lle faltan experiencias negativas en Barcelona. No ano 2007 foi sacado da pista por un rival cando lideraba a carreira. O infractor foi multado por aquel incidente cunha sanción económica marca: 20 000 euros.

Todos os expertos coinciden en sinalar que Barcelona podería ser o escenario en que terá lugar o desenlace da loita polo título. Por iso a situación é do máis incerta e o suspense acadou o seu grao máximo antes da carreira.

Nove pilotos teñen a posibilidade de lograr a vitoria absoluta



### Estatísticas provisionais 2009

Vitorias: Mercedes 4; Audi 3  
Pole positions: Audi 6; Mercedes 1  
Voltas rápidas: Audi 5; Mercedes 2  
Voltas en cabeza: Audi 227; Mercedes 171  
Puntos: Audi 150; Mercedes 123



Audi chega a Barcelona cunha lixeira vantaxe

Declaracións antes da carreira do DTM de Barcelona de Calote Scheider (GW: plus/Top Service Audi A4 DTM 2009 n. 1), 1º (43 puntos): "A clasificación actual do campionato colócanos nunha boa posición para a carreira de Barcelona, sobre todo porque a disputaremos cunha vantaxe en peso de 10 quilogramos. No meu caso, a formulación pasa por sumar o maior número posible de puntos, usar a cabeza e repetir a mesma táctica nas tres últimas carreiras fuxindo de asumir riscos excesivos".





A falta dunha proba para rematar a temporada

# José Lamela campión de Galicia na categoría Alevín de karting

José recibe as últimas instrucións antes da carreira



O piloto compostelán no círculo da Madalena



A falta dunha proba para completar o calendario das nove previstas esta temporada en Galicia, José Lamela confirmaba o seu título de campión na categoría Alevín o pasado domingo no trazado da Madalena, escenario da oitava cita do certame.

TEXTO: Redacción  
FOTOS: Sprint Motor

**A** falta dunha proba para completar o calendario das nove previstas esta temporada en Galicia, José Lamela confirmaba o seu título de campión na categoría Alevín o pasado domingo no trazado da Madalena, escenario da oitava

cita do certame.

Así e todo, estes resultados aínda son oficiosos, a falta de que se confirme a clasificación definitiva pola Federación Galega de Automobilismo, se ben o certo é que Óliver Rodríguez, no caso de sumar a máxima puntuación, non podería superar ao piloto compostelán. Sen embargo, non ia ser esta a mellor carreira do ano para Lamela, a pesares de ser o máis rápido nos adestramentos cronometrados. Así, na saída da semifinal, quedábase rezagado, véndose superado por dous rivais, aínda que posteriormente conseguiría a segunda posición tras Óliver

Rodríguez do que apenas lle separaba tres décimas de segundo.

Na final Lamela estivo loitando pola vitoria con Óliver ata o último metro das 12 voltas previstas, finalizando de novo segundo, pero unha penalización de 5 segundos por un toque a outro rival o enviaba á terceira praza. A pesares de todo isto, os puntos desta carreira tampouco teñen maior transcendencia, pois ao haber só catro pilotos participando se adxudica a cada un deles a metade da puntuación, polo que este é un dos resultados que se descartan.

## Vilagarcía Autocasión 2009

# Ocupará o recinto interior e parte da explanada de FEXDEGA

**O** Recinto Feiral FEXDEGA de Vilagarcía de Arousa celebrará os días 13, 14 e 15 do vindeiro mes de novembro Vilagarcía Autocasión 2009, o I Salón do Vehículo Usado e de Ocasión, no que estarán representados os sectores de compra e venda de automóbiles, motocicletas, restauración, repostos, pezas, accesorios, aseguradoras e empresas afíns.

O Salón estará coorganizado pola Fundación FEXDEGA e a empresa Eventos do Motor, unha firma con dilatada expe-

riencia na celebración deste tipo de salóns, despois de 18 anos vinculados ao mundo do motor e tras ter organizado o Salón do Automóvil de Vigo, A Coruña e Autoclásico de Porto. Ademais esta firma puxo en marcha as feiras de coches de Sevilla, Valencia, Málaga, Zaragoza e Xerez, entre outras. En total, foron máis de 70 as exposicións e actividades de ocio que promoveron, e nas que participaron 5 millóns de persoas.

Trátase dun evento dirixido a toda a comunidade autónoma galega, con publicidade de

ámbito rexional, aínda que especialmente centrado na área de influencia de Vilagarcía de Arousa, isto é, no Deza, Arousa, Barbanza e comarca de Pontevedra o que supón un público potencial de a lo menos 300.000 habitantes.

A previsión de ocupación é de encher a nave pechada de FEXDEGA e, incluso, de instalar algún tipo de vehículo no exterior. O horario da feira será de 11.00 a 21.00 horas.

Esta feira nace co obxectivo de converterse nunha cita anual similar as que existen nas principais cidades de Galicia.

**VILAGARCÍA  
AUTOCASIÓN 2009**  
I SALÓN DO VEHÍCULO USADO E DE OCASIÓN  
13|14|15 DE NOVIEMBRE  
De 11 a 21 H.  
Recinto Feiral FEXDEGA  
VILAGARCÍA DE AROUSA





## 40º Rali de Ferrol

Nova demostración e triunfo do andorrano Vinyes na Clio R3

Veni,  
vidi,  
vici

Era unha das estreos máis agardadas no estatal de ralis e, a maiores, resultou máis feliz do que se pensaba. O Škoda S2000 – relucindo por Europa adiante- deu a Hevia a primeira vitoria do 2009 nun rali moi duro e, desta volta, dividido en dúas etapas.

TEXTO: Miguel Cumbrão  
FOTOS: Iván Marante

**D**ende o primeiro intre da carreira a proba ferrolá tivo un líder sólido e vencedor moral da mesma: Xevi Pons. O catalán Pons mandou con man firme, foi no derradeiro bucle cando quedou fóra, a causa era unha fuga de aceite. Emporiso, relevouno Vallejo que facía milagres nun terreo nada favorable ao seu GT; con todo non puido evitar a remontada do asturiano de Škoda, quen se levou finalmente o triunfo por 4 segundos.

De menos a máis -aínda que sempre nos postos de honra- Ojeda levou ao seu Subaru á terceira praza por diante dun maxistrál Iván Ares que (na súa segunda comparecencia cun Mitsubishi) asinou a cuarta posición e levouse a EVO Cup. Precedía o de Cambre a un inspirado Alberto Monarri - quen pasaba da sinatura dos diamantes a un Subaru- obtendo o quinto posto malia a diversos atrancos para chegar ao parque pechado final. De novo Vinyes completou un gran rali -mandando dende o sétimo posto a Clio R3- xusto por diante de Muñiz, o coru-

A estrea do Fabia Hevia supuxo unha traballada vitoria



Gran carreira a de Iván Ares, cuarto e líder da EVO Cup



ñés (unha vez máis cun EVO X) demorado por mor dunha picada na roda e certas dificultades mecánicas na primeira etapa.

Os treitos debuxados na zona de Ferreira -o venres- e no territorio de Monfero -na matinal do sábado- foron esixentes e causaron (por mor de avarías e accidentes) unhas cantas retiradas. Amais do

citado abandono de Pons, outros sufriron a mesma sorte: Burgo, Lujua, Cabanela, Ferreiro ou Egoi Valdés. Na promoción PPR, o éxito foi dar a mans do asturiano Márquez (quen se beneficiou dos problemas de turbo). Asemade -na Suzuki- o local Pablo Rey non daba opción, por diante de Blanco e do carballés Souto.

Segundo posto para os irmáns Vallejo nun rali pouco doado para o seu Porsche



## Clasificación final

1. Alberto HEVIA- Alberto IGLESIAS (Škoda Faia S2000)
  2. Sergio VALLEJO- Diego VALLEJO (Porsche 911 GT3 a 4,4")
  3. Enrique G. OJEDA- Óscar SÁNCHEZ (Subaru Impreza N14 a 1'00,1")
  4. Iván ARES- Francisco LEMA (Mitsubishi L. Evo X a 4'08,2")
  5. Alberto MONARRI- Alberto CHAMORRO (S. Impreza N14 a 5'54,3")
  6. Joan VINYES- Jordi MERCADER (Renault Clio R3 a 7'24,4")
  7. Álvaro MUÑIZ- César BLANCO (Mitsubishi L. Evo X a 8'42,7")
  8. Jonathan PÉREZ- Enrique VELASCO (Renault Clio R3 a 8'46,2")
  9. Carlos MÁRQUEZ- Aintzane GOÑI (Mitsubishi L. Evo X a 10'14,0")
  10. Francisco CIMA- Alex NORIEGA (Renault Clio R3 a 10'44,2")
- Até 41 clasificados

**ASEGAL**  
ASESORES

- Fiscal
- Administrativo
- Mercantil

- Laboral
- Subvencións
- Familia

Teléfono: 981 80 73 01 • Cacheiras s/n, 1ªA • Teo (A Coruña)

**ASEGAL**  
ASESORES



## XXXI Rali San Froilán

## Burgo, profeta na casa

A sétima proba do galego de ralis caracterizábase por dúas particularidades. Por unha banda: o seu novo coeficiente oito, que a convertía en determinante. E pola outra: unha magnífica inscrición, con nada máis e nada menos que trece Lancer, amais doutros coches de peso, nunha listaxe de 124 equipos formalizando os papeis.

TEXTO: Miguel Cumbras  
FOTOS: Iván Marante

**X**a dende o primeiro treito quilométrado -o paso por Queizán-Burgo sabía da necesidade de si ou si, marcando xa a pauta e a vantaxe. Meira (o outro candidato ao título) facía o que podía cun grupo N, mentres que a senlleira Armada Nupel vía como Vallejo descubría un EVO X e Pons sufría problemas co turbo da súa unidade. O resto da mañá viu como o campión aumentaba a súa marxe: Meira pinchaba e atrasábase, e o citado Pons remontaba tralo obrigado paso pola asistencia. Cinco treitos que xa eliminarian a Vilariño, Aneiros ou Castro, entre outros.

A tarde -con dobre paso por Begonte e Guntín- deixou ver como Pons se lanzaba a recortar a situación favorable acumulada por Burgo, que tampouco tomaba riscos en exceso vendo que Meira ía por detrás, deste xeito a súa posición convertíase en decisiva de cara ao título. Dez segundos separaban ao galego do catalán na saída da derradeira cronome-

trada, marxe que eliminou ao catalán. Con todo -no treito de enlace final- Pons penalizaba pasando á segunda praza e outorgaba a vitoria a Burgo, que gañaba en Lugo por quinta vez.

De menos a máis no coñecemento do coche: os Vallejo foron terceiros, por diante de Muñiz, que superou a Rico e a Meira nos intres finais. Os dous pilotos do *Volante Xove* -Díaz e Guarlevaron cadansúas unidades aos postos sétimo e oitavo de xeito respectivo, por diante do EVO de Goñi e do cántabro Daniel Peña co seu C2 R2 Max.

Outra pelexa caracterizou o *Volante RACC*, ao serán os irmáns Bello consolidaban o seu segundo triunfo consecutivo, por diante dos ferroláns Lago e Grandal. Na opción *Driver*, liderou sen problemas o Visa de Marcos Rodríguez, sendo para Vázquez e Rodríguez as opcións *Racing* e *Sprint* respectivamente, sen esquecer a Tenreiro que mandou entre os seguidores da opción Curuxa. Pilotos como López Belón, Blach ou Pazos caeron nas seccións vespertinas dun rali que concluíron setenta e cinco coches.



Quinta e traballada vitoria de Burgo en Lugo



Unha penalización deixou a Pons sen o premio da súa remontada


Segundo triunfo consecutivo dos irmáns Bello no *Volante RACC*

Pérez Fojón mandou co seu Sierra no grupo X



A capital de Galicia xa ten un circuíto

# Santiago súmase ao Autocross



TEXTO: Miguel Cumbras  
FOTOS: Sprint Motor

A capital de Galicia xa ten infraestrutura para a práctica do autocross. Trátase do circuíto emprazado na estrada N-547 entre o aeroporto de Lavacolla e as instalacións da Televisión de Galicia. Un acceso fácil e directo. A uns dez minutos do centro da cidade.

Así, Santiago de Compostela súmase á oferta de pistas para o exercicio de velocidade en terra. A xeito de curiosidade, cómpre dicir que os lugares dispoñibles (até o de agora) para realizar esta actividade se atopan na provincia da Coruña. Máis polo miúdo: Arteixo, Santa Comba, A Laracha, Mazaricos e Rianxo, son os postos que acollen probas desta modalidade, que nos últimos anos sufriu unha importante e positiva evolución.

Cunha extensión aproximada de 1,2 quilómetros e un ancho medio de 14 metros, o novo trazado compostelán estrearáse o vindeiro día 19 cunha carreira válida para o certame galego con coeficiente 5. Dicar que a devandita carreira seguirá os horarios habituais, é dicir: adestramentos dende as once horas, semifinais e finais a partires das tres do serán.

O circuíto Xacobeo é a culminación ao traballo feito pola escudería Todo Motorsport -grupo de incondicionais do motor- capitaneados polo expiloto José Luís González "Pitufo". Horas de esforzo, traballo e ilusión... amais de moitos cartos investidos neste proxecto que agora se converte en realidade, aumentando deste xeito a oferta de competición e lecer na capital de Galicia.



## Carballo desembarcou no Nacional

Carballo volveu a repetir as cifras da pasada edición. Setenta e dous competidores e arredor de tres mil espectadores estiveron presentes na primeira comparecencia de Carballo no estatal de autocross, a segunda visita desta modalidade a unha pista galega no presente ano. Unha proba que recibiu os parabéns de pilotos e público, sen esquecermos do grande protagonis-

mo dos nosos pilotos.

De certo, houbo *podio* para os de aquí, o triunfo foi na *división 2A* e os protagonistas: Queijo, Álvarez e Lista. Tres vitorias máis para pilotos autonómicos -nas divisións 2, 1 e CarCross- de xeito respectivo, os donos do éxito foron: Mariano Suárez, Amador Vidal e Joaquín Chamorro; mandando de novo o asturiano Pablo Fernández na 3, como fixera en Arteixo.

